COGAMI



Renovamos o selo 500 EFQM

nº 69 marzo 2026
Edición trimestral

COGAMI intensifica o labor en accesibilidade con actuacións nas catro provincias



COGAMI participa na elaboración dunha guía accesible do Camiño de Santiago

COGAMI intensificou durante o último ano o seu labor en materia de accesibilidade universal en Galicia, con máis de 110 actuacións realizadas que incluíron consultas técnicas, intervencións directas, asesoramentos especializados e formación dirixida a distintos colectivos.

A área de Accesibilidade deu resposta a 50 consultas técnicas vinculadas á eliminación de barreiras en portais, pasos de peóns a cota cero, prazas de aparcadoiro reservadas, accesos a vivendas unifamiliares ou dúbidas sobre a normativa vixente en materia de accesibilidade. A estas consultas engádense 60 intervencións.

No ámbito institucional, asesorouse ao Concello de Vigo, participouse no Plan de Accesibilidade de Ribadavia e iniciáronse os traballos para a elaboración dunha guía de accesibilidade do Camiño de Santiago no seu tramo francés.

Tamén se formou a persoal técnico, alumnado e profesionais de distintos ámbitos en accesibilidade.

Once patoloxías novas incluídas na xubilación anticipada



Persoa con mobilidade reducida que poderá acollerse á xubilación anticipada

Espina bífida, amiloidose por transtiretina variante, párkinson, distrofia miotónica tipo 1 (Steinert), enfermidade de Huntington, enfermidade renal crónica estadio 5, esclerose sistémica, lesión medular, dexeneración corticobasal, atrofia multisistémica e parálise supranuclear progresiva, son as once patoloxías que entran dentro do procedemento de xubilación anticipada de persoas traballadoras con grao de discapacidade igual ou superior ao 45 %.

Este avance supón un logro social, froito dun traballo de incidencia política, coordinación técnica e cohesión das entidades que, como COGAMI, forman parte do movemento asociativo COCEMFE. Conxuntamente, impulsaron a ampliación das patoloxías que poden acollerse a este dereito, aportando evidencia científica rigorosa sobre a redución da esperanza de vida asociada a determinadas enfermidades.

Tras estes primeiros pasos, hai que esperar a que continúe o procedemento, xa que o informe definitivo favorable aínda non implica a incorporación efectiva destas patoloxías ao anexo do Real Decreto 1851/2009.

Máis de 550 docentes formados co programa *eDUinclusivA*

COGAMI e COCEMFE desenvolveron *eDUinclusivA*, un programa orientado a promover unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para o alumnado con discapacidade en Galicia.



Integrantes do programa asistiron en Santiago ao Congreso de Educación Inclusiva

Como logros conseguidos estarían: o contacto con 138 centros educativos e 29 entidades socioeducativas; o reforzo das compentencias de 558 docentes a través de 23 obradoiros que combinaron formación, sensibilización e asesoramento; charlas dirixidas ao alumnado; apoio ás familias, atención a máis de 70 consultas e, ademais, o banco de produtos de apoio prestou 36 dispositivos a 76 persoas, impulsando igualdade de oportunidades, autonomía e a inclusión.

O servizo de atención temperá apoiou a máis de 600 menores e familias



Instalación do centro de atención temperá en Poio

O primeiro centro de atención temperá xestionado por COGAMI púxose en marcha no ano 2020 na Mancomunidade do Baixo Miño. Ao longo destes cinco anos, a rede foi medrando progresivamente coa incorporación de novos municipios: Abegondo, Bergondo e Carral; Sada; Ponteareas; Poio; Miño, Pontedeume e Vilarmaior, e, ata novembro de 2025, tamén Mos. En total, COGAMI xestionou sete centros de atención temperá que, de maneira conxunta, prestaron atención a máis de 600 nenas e nenos e ás súas familias.

Os servizos de atención temperá de COGAMI contan con equipos profesionais multidisciplinares, especializados en psicoloxía, logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia, que atenden a nenas e nenos de entre 0 e 6 anos, derivados maioritariamente dende os servizos de pediatría. Nos últimos anos, a entidade deu un paso máis na mellora do seu modelo de intervención, incorporando de forma activa ás familias como parte esencial do proceso, ao considerar fundamental a súa participación no desenvolvemento e benestar das e dos menores.

COGAMI súmase ao proxecto AROS da Fundación Breogán

O centro de atención diúrna que COGAMI ten en Fingoi, Lugo, colabora coa Fundación Breogán no proxecto AROS, iniciativa que promove a inclusión a través do baloncesto.

A participación de COGAMI enmárcase dentro do proxecto de Promoción da Autonomía Persoal que se financia a través do 0,7 % do IRPF, a través do cal a entidade inclúe o desenvolvemento de terapias innovadoras vinculadas á práctica do deporte adaptado.

O proxecto AROS ten como principais obxectivos fomentar o sentimento de pertenza ao grupo, impulsar a actividade física como ferramenta de mellora do benestar físico e mental, favorecer a superación persoal a través do deporte e crear redes de apoio e conexión entre as persoas participantes.



Todos os martes acoden á cancha durante unha hora

COGAMI, entre as máis dun cento de entidades recoñecidas co Selo EFQM



Ata Madrid desprazouse Sebastián Pérez, da área de Calidade

COGAMI desprazouse a Madrid para recoller o Selo EFQM 500, un recoñecemento que a entidade vén de renovar tras superar con éxito a avaliación realizada polo equipo auditor que, o pasado mes de outubro, visitou as instalacións de COGAMI en Santiago de Compostela.

A entrega do distintivo tivo lugar no Día da Xestión Excelente, Innovadora e Sostible 2026, nun acto institucional organizado polo Club Excelencia na Xestión, no que se recoñeceu o labor de 118 organizacións, entre elas, COGAMI.

O Selo EFQM é unha certificación oficial e internacional que avala a xestión excelente, innovadora e sostible das organizacións. Ademais de recoñecer o traballo realizado, esta avaliación permite identificar fortalezas e detectar oportunidades de mellora, servindo como ferramenta estratéxica para avanzar na eficacia e no impacto social.

COGAMI iniciou o seu percorrido no modelo EFQM en 2009 e, dende entón, foi incrementando progresivamente a súa puntuación ata acadar e consolidar o nivel EFQM 500.



Xosé Cougil. Presidente de AGAPA

Primeiro foi a asociación ANDURIÑA de O Grove a que se disolveu no ano 2024 e agora está no punto de mira a Asociación Galega de Amputados (AGAPA). Que está a pasar co relevo das entidades? Por que a xente non se quere involucrar e formar parte das xuntas directivas? É por falta de persoas? Por falta de tempo? Falta de implicación? Falamos con diferentes representantes do noso movemento asociativo para que avalíen, dende a súa experiencia, que está a pasar nas entidades do sector social.

Xosé Cougil.
No ano 2008 empezou o seu primeiro contacto co movemento asociativo a través de ANDADE España. Aquí ocupou o seu primeiro cargo como vicepresidente, de 2010 a 2020 como delegado en Galicia e, dende 2021 a 2026, como presidente e fundador de AGAPA.

Tras esta longa traxectoria ao fronte da entidade, Cougil decide parar. As causas son varias: os estatutos de AGAPA piden relevo da xunta directiva cada catro anos; está asumindo os cargos de presidente, secretario e tesoureiro tras atopárense estes de baixa e, como outra das causas, bota en falta máis implicación.

Segundo explica, “notamos falta de interese, a maioría das persoas socias non queren asumir responsabilidades na xunta directiva, hai quen di que non se sente competente e outras polo ritmo de traballo que supón”.

AGAPA conta con 65 persoas asociadas, das cales 36 participan nos servizos de fisioterapia especializada que ofrece a entidade. “Para que siga a entidade precisamos que a xente se comprometa, que participe e estea disposta a contribuír, na medida do posible, á mellora da calidade de vida das persoas amputadas de Galicia”, conclúe.

> “Notamos falta de interese, a maioría das persoas socias non queren asumir responsabilidades”

José Luís Lolo.
Tras cumprir 25 anos como presidente da Federación COGAMI Lugo, José Luís Lolo pensou en marchar en varias ocasións pero, non o ten doado. “Intentei buscar substitución pero non resultou, non sei se é por falta de interese”.

Ante a visión actual do asociacionismo, Lolo opina "non sabería dicir exactamente que está a pasar no movemento asociativo cando unha persoa que lle entregou esforzo, tempo e dedicación non o poida deixar

> “A xente é moi individualista, busca dar resposta ao seu problema persoal, sen involucrase en temas sociais”

porque non atopa substitución. Ou segue ou pecha a entidade". A sociedade está a cambiar, e así se ve dende as entidades, segundo explica Lolo, "a xente é moi individualista, busca dar resposta ao seu problema persoal, sen involucrase en temas sociais".

Como medida de análise sobre a situación, José Luís apunta que “fai falta unha análise profunda sobre a situación do movemento asociativo e xa o estamos facendo as catro federacións provinciais xunto á área de Fortalecemento do Movemento Asociativo (FMA) de COGAMI".

Adolfo López.
Preside a asociación ÍNTEGRO dende 1992, cando se creou, hai 34 anos. Adolfo López, xunto co secretario, Silvestre Couto, forman un tándem que “hoxe sería impensable, pois naqueles



Adolfo López. Presidente de ÍNTEGRO

Sen relevo: o dilema do movemento asociativo



José Luís Lolo. Presidente da Federación COGAMI Lugo

momentos tiñamos ansia para visibilizar a discapacidade no medio rural onde nos atopamos", explica. Adolfo cre que antes había máis inquedanza para organizarse, crear comunidade "nós non estabamos sós, contabamos co respaldo dunhas xuntas directivas de persoas mozas activas que, a día de hoxe, aínda manteñen vinculación coa entidade".

> "Hai que ceder poder, responsabilidades e visibilidade"

Actualmente, o relevo xeracional nas entidades sociais é un tema que está gañando relevancia por varios motivos sociais, demográficos e organizativos. En Íntegro cren que contan con relevo porque está entrando xente xoven nos servizos que ofrecen e tamén as familias estanse a involucrar e participan nas xuntas directivas.

Como medidas a tomar, dende a entidade da Costa da Morte apuntan que o cambio ten que empezar polas propias entidades, "vou ser claro: se as entidades non cambiamos, o relevo non vai chegar só". Cre que as entidades teñen que abrir espazo para novas voces, ceder poder e responsabilidades e crear espazos de convivencia onde as persoas veteranas transmitan coñecemento e as persoas novas transmitan innovación, tecnoloxía e novas lecturas sociais.

Miguel Ángel Quintas.
Caso diferente aos anteriores pode considerarse o de Miguel Ángel Quintas. Tras cinco meses como presidente de ALCER Ourense, decide dar un paso máis e formar parte da xunta directiva de COGAMI "pensei que sería necesario e útil acceder á directiva tanto para o tecido de persoas con patoloxías renais como para os outros 16 tecidos ourensáns". Entrou en febreiro de 2024 e tamén aceptou presidir a Federación Discafis COGAMI Ourense. "A miña motivación é o afán de querer prestar servizo á sociedade e pescudar solucións para todas as persoas. Dende este tipo de posicións sempre se pode axudar máis".

Miguel Ángel cre, como tamén apuntaba José Luís Lolo, que actualmente a sociedade non se compromete, convívese cunha "onda de individualismo á que se lle suma que as asociacións non transmiten correctamente".

> "Existe unha falta de compromiso por parte da sociedade"

Para reverter esta situación, Miguel Ángel cre que "a chave está en dar máis visibilidade, chegar á xente nova a través de redes sociais ou en diferentes ámbitos como o deporte".

Esta é a visión de catro cabezas visibles do movemento asociativo de COGAMI, os catro coinciden en que é necesario involucrarse e formar parte dunha causa que está activa co fin de mellorar a vida das persoas.



Miguel Ángel Quintas Presidente da Federación Discafis COGAMI Ourense

Coregal e o Concello de Santiago consolidan o incremento da recollida porta a porta de cartón comercial



Profesional de Coregal visitando comercios de Santiago de Compostela

A colaboración entre Coregal e o Concello de Santiago de Compostela continúa xerando resultados positivos na mellora da recollida selectiva de cartón comercial. Nos últimos cinco anos, a recollida porta a porta duplicou as cantidades xestionadas, pasando de 246 toneladas en 2021 a 606 toneladas en 2025, grazas á implicación da cidadanía e, especialmente, do comercio local.

O aumento tamén se reflicte no número de establecementos adheridos ao servizo, que pasou dun centenar en 2021 a case 500 en 2025. Esta evolución débese, en gran parte, ás accións de sensibilización realizadas por Coregal durante a campaña, con máis de 1.000 visitas a comercios nos meses de novembro e decembro, que permitiron formalizar preto de 200 novas adhesións.

Ademais, o servizo ampliou a cobertura de zonas na cidade, incorporando novas rúas nas zonas norte e sur de Santiago, facilitando o acceso ao porta a porta ao pequeno comercio e optimizando a recollida de cartón. Estas accións tamén contribúen a reforzar a economía circular, reducindo o impacto ambiental e promovendo hábitos de reciclaxe responsables.

Dende Coregal e o Concello destacan que o éxito da campaña demostra que información, proximidade e acompañamento aos establecementos son claves para avanzar cara a un modelo de xestión de residuos máis eficiente e sostible. O compromiso do comercio local e a participación cidadá mostran que pequenas accións diarias poden marcar unha gran diferenza, consolidando Santiago como unha cidade máis sostible e respectuosa co medio ambiente. Esta campaña pecha un ciclo de sensibilización e adhesión que servirá de base para seguir avanzando.

Hornos de Lamastelle e Galega de Economía Social impulsan medidas ASG co apoio do IGAPE e da Unión Europea

Hornos de Lamastelle e Galega de Economía Social recibiron recentemente unha axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), cofinanciada pola Unión Europea, destinada á implantación de accións vinculadas aos criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG).

Estas medidas teñen como obxectivo fomentar a responsabilidade social, reforzar o crecemento sostible e promover unha boa gobernanza, aspectos que resultan fundamentais para incrementar a competitividade e a sostibilidade das empresas galegas. Entre outras actuacións, estas iniciativas poden incluír melloras na eficiencia enerxética, fortalecemento de políticas laborais responsables e prácticas de xestión máis transparentes.

Esta actuación forma parte do programa de Fondos Europeos de Galicia, que apoia proxectos empresariais comprometidos coa innovación, a eficiencia e a sostibilidade.



Reunión de equipo interdisciplinar de GES

Accede Social impulsa a sostibilidade do transporte

Accede Social foi confirmada como beneficiaria do Programa de Axudas á transformación de frota de persoas viaxeiras e mercadorías, unha iniciativa estatal que promove a modernización e a sostibilidade do transporte por estrada, con financiamento europeo de fondos NextGenerationEU.

Este apoio permitiu o achatarramento de 3 vehículos e avanzar na renovación da frota con solucións máis eficientes e respectuosas co medio ambiente.



Traballador de Accede

Combina Social amplía servizos con novos proxectos na AECC e no CETMAR

Combina Social, centro especial de emprego de COGAMI Empresarial especializado en servizos de *outsourcing*, continúa ampliando a súa actividade coa posta en marcha de dous novos proxectos en colaboración con entidades de referencia, reforzando o seu posicionamento como provedor de servizos profesionais con impacto social.

Combina Social iniciou un novo servizo coa Asociación Española Contra o Cancro (AECC),


Sede de AECC en Pontevedra

en Pontevedra, no que un operario realiza labores de transporte e montaxe de material ortoprotésico nos domicilios das persoas que o solicitan. Este servizo contribúe a facilitar a atención e o apoio ás persoas usuarias, mellorando a súa comodidade, autonomía e calidade de vida.

Por outra banda, o 5 de novembro de 2025 comezou unha nova licitación no Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), en Vigo, para a prestación do servizo de limpeza das súas instalacións, consolidando a presenza de Combina Social en proxectos estables e de calidade para entidades públicas e privadas.

Estes novos contratos poñen de manifesto o compromiso de Combina Social cun modelo empresarial baseado na profesionalidade, a eficiencia e a inclusión laboral de persoas con discapacidade.

Hornos Lamastelle participa unha vez máis en HIP 2026, o grande encontro do sector horeca

A iniciativa empresarial Hornos de Lamastelle estivo presente en HIP - Horeca Professional Expo, que se celebrou en IFEMA de Madrid a mediados de febreiro. Trátase dunha feira altamente especializada no mercado nacional horeca, onde Hornos de Lamastelle xa estivo presente na edición pasada.
Con esta participación, Hornos Lamastelle reforza a súa aposta pola innovación e pola proximidade ao cliente nun escaparate estratéxico para o sector da hostalaría e restauración. A súa presenza tivo como obxectivo presentar produtos e novidades, captar clientes potenciais, fortalecer relacións comerciais cos existentes e continuar xerando marca no ámbito estatal.



Hornos Lamastelle en HIP 2026

“Modelo AICP: a atención centrada en

O Plan Estratéxico de COGAMI 2023-2026, a folla de ruta que guía á Organización durante estes anos, recolle a necesidade de poñer en marcha a implantación do modelo AICP (Atención Integral Centrada na Persoa), situando ás persoas no centro da entidade. Falamos con Juani Tubío para que nos explique como se está levando a cabo esta implantación na Organización.

Pregunta. En que consiste o modelo AICP e por que é diferente a outras formas de atención?
Resposta. “*A Atención Integral Centrada na Persoa é a que promove as condicións necesarias para a consecución de melloras en todos os ámbitos da calidade de vida e o benestar da persoa, partindo do respecto pleno á súa dignidade e dereitos, aos seus intereses e preferencias, e contando coa súa participación efectiva.”* (Rodríguez, Pilar 2022).
É dicir, este modelo non se limita a proporcionar servizos asistenciais, senón que busca mellorar de forma integral a vida das persoas atendidas tanto física como emocional, social ou relacional. A AICP recoñece á persoa como suxeito de dereitos e non como mera “beneficiaria” dun servizo.
Tense en conta o que é importante para cada persoa, participa activamente nas decisións, non é receptora pasiva.
No caso de COGAMI, a incorporación deste modelo supón dar un paso máis cara a unha atención máis humana, personalizada e respectuosa cos dereitos das persoas. Require realizar un cambio profundo en todas as áreas da entidade, tanto na parte de social como na empresarial. Os servizos deben adaptarse á persoa, pero ollo!, o Modelo AICP non está baseado na permisividade absoluta, nin elimina normas de funcionamento dos servizos, nin presta atención sen límites nin criterios profesionais. Este modelo non significa “*facer o que se quere*” senón, participar activamente nas decisións que afectan á propia vida dentro dun marco de convivencia, legalidade e responsabilidade compartida.

Dende que se aproba a implantación deste modelo na Organización en 2024, como está resultando o cambio?
Non é un cambio inmediato, senón un proceso progresivo. Supón un cambio na cultura na nosa Organización, pasando dun modelo centrado no servizo a outro que se centra na persoa, que reforza a participación e integra o enfoque de dereitos en todas as decisións.
Estase formando e sensibilizando a todo o persoal na comprensión dos fundamentos, na incorporación de ferramentas e a revisión do rol profesional dende unha perspectiva de apoio e non só asistencialista.

> *“Non é un modelo sen normas; é un modelo no que as normas se aplican con criterio, diálogo e enfoque de dereitos.”*

Este modelo trouxo á nosa Organización a incoporación de dúas profesionais: unha ***Axente de Cambio*** e unha ***Persoa Áncora***. A primeira ten por función impulsar a cultura AICP nos equipos a través do acompañamento, a detección das necesidades formativas e velar pola coherencia entre os principios do modelo e a práctica diaria. A segunda actúa como punto estable de contacto, facilitando a comunicación entre a persoa e o equipo profesional, velando porque os apoios se axusten ás necesidades, intereses e preferencias da persoa.

Como se formou ao equipo profesional para traballar seguindo este modelo?
A capacitación estase a desenvolver a través de varias liñas clave que resumimos como unha formación conceptual de base, para comprender os fundamentos do modelo e construír unha linguaxe común centrada na dignidade, autodeterminación e enfoque de dereitos. A aplicación práctica

persoas, non en servizos”

Juani Tubío. Coordinadora da área de Promoción da Autonomía Persoal de COGAMI



incorporando ferramentas como historias de vida, revisión de procedementos ou xestión de normas dende un enfoque AICP.
Crear espazos de reflexión ética de situacións sociais, con dinámicas participativas e co acompañamento da figura da Axente de Cambio.
Este modelo AICP implica ás direccións e coordinacións, para garantir coherencia organizativa e aliñamento estratéxico.
Máis que incorporar un novo protocolo, o equipo profesional está a integrar unha nova maneira de entender a atención, situando á persoa como protagonista do seu propio proxecto vital.

Que ferramentas técnicas e estratexias se utilizan para garantir que a atención se centre na persoa?
Son múltiples as que se empregan: enfoque de dereitos, aplicación do enfoque de xénero, teoría da interseccionalidade, historias de vida, proxecto de vida, plan de apoios ao proxecto de vida,...
Non se trata só dun cambio conceptual, senón da incorporación de instrumentos e técnicas que aseguren coherencia, seguimento e avaliación.

Cales son os principais desafíos na implantación do modelo AICP?
Supón unha transformación profunda que vai máis alá de incorporar novas ferramentas.
O principal reto é cultural: pasar dun modelo centrado no servizo a outro centrado na persoa, superando inercias paternalistas e asumindo a súa autodeterminación.
Destacamos como desafíos máis relevantes a xestión do equilibrio entre autonomía e protección; adaptar protocolos, procedementos e sistemas de avaliación; garantir formación continua e acompañamento profesional aos equipos; reforzar a coordinación interdisciplinar e tomar decisións conxuntas coa persoa; medir o impacto real na calidade de vida e asegurar a sostibilidade do modelo no tempo.
O maior desafío é transformar a maneira de entender a atención, polo que hai que revisar crenzas profesionais, reordenar dinámicas organizativas e asumir a complexidade ética para construír unha Organización máis coherente cos dereitos, máis participativa e aliñada co proxecto de vida de cada persoa.

ÁMBAR e o Concello de Boiro impulsan un proxecto de vivendas inclusivas

O Concello de Boiro e a Asociación AMBAR formalizaron un convenio de cesión de inmobles das antigas vivendas de mestres en Praia Xardín. O alcalde, José Ramón Romero, fixo entrega oficial das chaves a Milagros Rey, presidenta de AMBAR, marcando o inicio dun proxecto que contará con seis vivendas inclusivas de transición ademais de servizos de apoio á vida en comunidade.



Milagros Rey co Alcalde de Boiro na entrega simbólica das chaves

O proxecto baséase nun modelo de vivendas inclusivas orientado a garantir o benestar, a dignidade e a autonomía das persoas con discapacidade. Dende AMBAR, Milagros Rey salientou "imos poñer a funcionar un servizo que as familias levan demandando anos".

AVANTE incorpora vehículo con fondos da Deputación da Coruña



Visitantes conversan diante do novo vehículo adaptado do que dispón AVANTE

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, visitou o centro de atención diúrna e ocupacional da entidade AVANTE, en Val do Dubra, acompañado polo alcalde do municipio, Diego Luís Díaz, e pola deputada de Política Social, Mar García, para facer entrega dun vehículo adaptado destinado ao transporte das persoas usuarias do centro.

Durante a visita, na que participaron tamén a presidenta de AVANTE, Mercedes Pazos, o secretario da entidade, Manuel Santos, o presidente da Federación COGAMI Coruña, Ramón Sestayo, e o secretario de COGAMI, Víctor Silva, os representantes institucionais interesáronse polo funcionamento do centro e polos servizos que presta na comarca.

O vehículo, Volkswagen Crafter 35, foi adquirido a través da convocatoria FOIEV da Deputación da Coruña, dirixida a entidades sen ánimo de lucro para a mellora dos servizos sociais e sociosanitarios.

EN PRIMEIRA PERSOA

Juan Da Silva. Asociación Galega de Fibrose Quística



O presidente da Asociación Galega de Fibrose Quística, Juan Da Silva, presentou a XIII Xornada Informativa sobre Fibrose Quística organizada no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, un encontro que reuniu a profesionais da sanidade, pacientes, familias e persoas interesadas nesta patoloxía.

Durante a súa intervención, Da Silva destacou a creación de consultas integradas, nas que especialistas de distintas disciplinas atenden á/ao paciente de xeito simultáneo, subliñando que este modelo representa un fito na atención ás persoas con fibrosis quística e debería replicarse noutros hospitais galegos.

O presidente da asociación tamén puxo en valor os avances nos tratamentos, que melloran a supervivencia e a calidade de vida do colectivo, e reivindicou a importancia de que estes tratamentos estean ao alcance de todas/os os pacientes, xa que actualmente un 30 % non pode acceder a eles por indicación ou falta de eficacia.

Primeiros pasos para o centro residencial en Outes

O Consello da Xunta aprobou un investimento de 2,3 millóns de euros para a posta en marcha dunha residencia para persoas con discapacidade impulsada pola asociación ADISBISMUR no Concello de Outes.

Este recurso permitirá darlle un novo uso ao antigo colexio Cruceiro de Roo, que será transformado nun centro residencial con capacidade para 24 prazas.

A creación desta residencia suporá unha mellora significativa na atención ás persoas con discapacidade das comarcas de Muros e Outes, permitindo que poidan permanecer na súa contorna habitual.

O centro terá un impacto positivo no emprego local, coa creación de 15 postos de traballo, necesarios para garantir o correcto funcionamento da residencia e a atención continuada ás persoas usuarias.



Instalacións que se convertirán na nova residencia de ADISBISMUR

Resultados Dedaleira: 300 persoas atendidas e 170 intervencións realizadas

ACADAR, a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, fai balanzo dos resultados do Servizo Dedaleira que informa, atende e presta asesoramento sexolóxico a mulleres con discapacidade e a súa contorna.

Durante o ano pasado, este servizo, que inclúe a asistencia psicolóxica e sexolóxica individualizada, intervención social e formacións grupais, atendeu a 300 persoas, o 59 % mulleres, impartiu 22 formacións e realizou 170 intervencións. Durante este ano o servizo segue en activo.



Formación impartida a profesionais da Fundación Barcala

A asociación ALGARIA alerta do abandono do servizo 065 en Ourense



Membros da entidade ALGARIA

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca da Limia (ALGARIA) denuncia o abandono do servizo de transporte adaptado 065 na provincia de Ourense. Segundo a entidade, este servizo falla dende o pasado outono, deixando sen alternativa a persoas con mobilidade reducida.

Óscar Pena García, presidente de ALGARIA expllica que “cando se solicita o servizo ocasional está sendo denegado de maneira recorrente, alegando a falta de medios suficientes para cubrir a demanda existente”.

Ata a entidade chegaron ducias de queixas de persoas que utilizan habitualmente este servizo para acudir, en maior medida, a citas médicas, sen deixar máis alternativa que contratar os servizos dun taxi, desprazarse en vehículos de familiares ou ter que cambiar a cita médida para outra data.

As incidencias prodúcense tanto na cidade de Ourense como en O Barco de Valdeorras, Ribadavia e A Limia, o que evidencia que "non se trata dun problema puntual, senón dunha situación xeneralizada", indican dende ALGARIA .

Dende a entidade reclaman unha solución inmediata, xa que o transporte do 065 resulta imprescindible.

PECHE

COGAMI Empresarial renova compromiso coa pegada de carbono

COGAMI Empresarial reafirma un ano máis o seu compromiso coa sostibilidade ambiental a través do cálculo da pegada de carbono das súas empresas. Recentemente, as distintas unidades empresariais recibiron a resolución de inscrición no Rexistro de Pegada de Carbono do Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) correspondente ao ano de cálculo 2024.

Este proceso, que xa deu comezo para o exercicio 2025, permite coñecer e monitorizar o impacto ambiental da actividade, avanzar nunha xestión enerxética máis responsable e reforzar o compromiso ambiental que promove COGAMI. A maioría das empresas foron certificadas na categoría “Calcula”, a primeira das fases previstas polo rexistro oficial, nun contexto marcado polo crecemento da actividade e do consumo enerxético.

Identifícanse avances relevantes en eficiencia enerxética e redución de emisións nalgúns casos concretos, destacando TRAMEVE, que conseguiu reducir o consumo eléctrico case un 19 % grazas á instalación de lucernarios na súa planta. A iniciativa ACCEDE acumula unha redución do 24,2 % das emisións totais en dous anos, froito da optimización de rutas e da renovación progresiva da súa frota.

Estas accións alíñanse coa Política de Sostibilidade Ambiental de COGAMI, aprobada en 2024, que establece a medición do impacto como base para a mellora continua. Ademais, enmárcanse no proxecto "A Atención Integral Centrada na Persoa e a Sostibilidade Ambiental", cofinanciado polo FSE+, orientado ao mantemento do emprego e ao fortalecemento do modelo empresarial.



Vehículo de Accede

PRIM
Establecimientos Ortopédicos

Visítanos en nuestras oficinas:

EOP A Coruña
C/ Rey Abdullah, 7-9-11
15004 A Coruña
Tel: +34981303120

C/ Inés de Ben, 6
15009 A Coruña
Tel:+34981142210

EOP Santiago de Compostela
C/ Fray Rosendo Salvado, 20
15701 Santiago de Compostela
Tel: +34981591192

EOP Ferrol
Plaza de España, 21
15403 Ferrol
Tel: +34981330617

EOP Ourense
C/ Cruceiro Quebrado,10
32005 Ourense
Tel: +34988391285

EOP Pontevedra
C/ Zamora, 90
36211 Vigo
Tel: +34986413333

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE